

Miranda

Arciprestado que formou parte, ata mediados do século XIX, do arcediagado da Azúmara, demarcación da diocese dependente do arcediago do seu nome, cóengo dignidade do cabido mindoniense.

A fins do século XV, este arciprestado non aparecía aínda demarcado dun modo inequívoco no seo da unidade territorial na que se integraba. Uns anos antes da reordenación do espazo diocesano, verificada en 1855, a vigairía de Miranda comprendía 13 parroquias, situadas nos concellos da Pontenova, Riotorto e A Pastoriza.

Como entidade territorial diferenciada, o arciprestado de Miranda mantívose nas sucesivas reformas territoriais da diocese ata a acometida en 2006, na que, en unión do de Ribadeo, deu lugar á aparición dun novo arciprestado, denominado Ribadeo-Miranda.

As parroquias dos amentados concellos da Pontenova e Riotorto constituíron o núcleo do territorio do arciprestado ó longo da súa existencia. Así, en 1960, só unha freguesía de Riotorto, Aldurfe, non se adscribía ó arciprestado, que daquela sumaba ademais dúas freguesías de Trabada. No ano 1988 era a de Vilaouruz, do municipio da Pontenova, a que se situaba fóra da súa demarcación, e as dúas parroquias de Trabada substituíronas outras tantas da Pastoriza.